



16/03/2017- Sesión da mañá
SALA OBRADOIRO

➤ Biblioteca escolar, eixo da innovación educativa

• Rosa Piquín

Licenciada en Filosofía e Letras (Sección Psicoloxía) pola Universidade de Oviedo. Diplomada en Audición e Linguaxe e en Educación Musical. Foi profesora responsable da Biblioteca escolar e coordinadora do Grupo de Traballo do CP Pablo Iglesias que obtivo un dos Premios de Dinamización de Bibliotecas Escolares do MEC. Foi a creadora de ABAREQUE, Revista de Biblioteca Escolar (<http://www.abareque.es>)

Imparte numerosos relatorios en relación coas Bibliotecas Escolares, a Animación Lectora, a Literatura Infantil e Xuvenil, Formación de Usuarios, as relacións entre a Biblioteca Escolar /Biblioteca Pública e os Proxectos Documentais. É autora de publicacións relacionadas coa Formación de Usuarios, a Animación Lectora, a relación Bibliotecas Escolares- Bibliotecas Públicas e sobre Proxectos Documentais Integrados, entre outras o monográfico BLITZ nº6.

Na actualidade coordina a BE do CP Veneranda Manzano e é profesora asociada na Facultade de Formación do Profesorado (Universidade de Oviedo) onde imparte a materia: Biblioteca Escolar: Centro de Recursos e Proxectos Interdisciplinares para 4º dos Graos de Infantil e Primaria de Maxisterio.

O presente das bibliotecas escolares en España, pasa pola aplicación efectiva da lexislación vixente no relativo a Bibliotecas Escolares (Art.113 LOMCE). O futuro constrúese, entre outras cousas, coa consolidación real dese recurso educativo ao servizo do currículo e do proxecto educativo.

➤ Unha biblioteca LÍA

- **A biblioteca escolar no día a día dun CEIP Aurora Ramilo Alfaya.** CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

➤ Kit básico de competencia dixital para o/a responsable da biblioteca escolar

- **Xosé Luís Barreiro.** Asesoría de Bibliotecas escolares

16/03/2017- Sesión da tarde
SALA OBRADOIRO

➤ Unha biblioteca LÍA

- **Descubrimos unha biblioteca escolar? María Elena Grela Rumbo.** IES Maruxa Mallo (Ordes, A Coruña)

➤ Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación.

- **Asesoría de Bibliotecas Escolares. Consellería de Cultura, Educación e O.U.**


As bibliotecas do PLAMBE, unha rede en construción. O Plan LIA (Lectura, Información e Aprendizaxe) acollendo as bibliotecas escolares e a lectura en contexto educativo. Documentos de referencia para responsables de biblioteca; normativa, convocatoria, presentación de memoria, liñas prioritarias. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.

➤ Entre a realidade e o desexo: a selección de obras de literatura infantil e xuvenil en galego

- **Montse Pena Presas.**

Doutora en Filoloxía e licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Tamén realizou un máster en Edición pola Universidade de Salamanca. Dende 2012 é profesora de Didáctica da Lingua e da Literatura na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo da USC. Anteriormente, exerceu a docencia na Universidade de Bangor, Gales e nas facultades de Filoloxía e Humanidades da Universidade de Santiago. Os seus ámbitos de interese son, fundamentalmente, os estudos feministas e de xénero, a literatura infantoxuvenil galega e a educación literaria. Algúns dos seus traballos máis senlleiros no ámbito da literatura galega xiran arredor das figuras de Xohana Torres, Carlos Casares e Agustín Fernández Paz.

No relatorio achegaranse algunhas claves para tentar realizar unha selección de obras eficiente, que atenda a diversas necesidades lectoras, partindo da literatura infantil e xuvenil en galego



17/03/2017- Sesión da mañá

➤ **O informe La lectura en España - 2017 e a educación (Sala Santiago)**

• José Antonio Millán

Lingüista, doutor en Literatura comparada. Autor de ensaios sobre tema lingüístico como *Perdón imposible. Guía para una puntuación más rica y consciente* e *El candidato melancólico. De dónde vienen las palabras, cómo viajan, por qué cambian y qué historias cuentan*. Está a piques de aparecer o seu libro *Tengo, tengo, tengo. Ritmo y lengua* (Ariel). Traballou sobre temas educativos en obras como *De redes y saberes. Cultura y educación en las nuevas tecnologías* e *Hacia la escuela 2.0. Proyectos con programas gratuitos para formar ciudadanos de la sociedad del conocimiento*. Coordinou os informes *La lectura en España. Informe 2002, La lectura en España. Informe 2008. Leer para aprender* e *La lectura en España. Informe 2017*. Colabora habitualmente en *El País*. O seu sitio web <http://jamillan.com> acaba de cumprir vinte anos de existencia.

A Federación de Gremios de Editores de España (FGEE) publicou en xaneiro o Informe "La Lectura en España -2017", coordinado por José Antonio Millán. O informe analiza en que situación se atopa a lectura en España así como aqueles elementos que están contribuíndo e influíndo no desenvolvemento dos procesos lectores no noso país, con un capítulo dedicado especialmente ás bibliotecas escolares.

➤ **A educación para os medios (de comunicación) nun mundo dixital: o papel das bibliotecas escolares (Sala Santiago)**

• Sara Pereira

Sara Pereira doutorouse en 2004 en Estudos do Neno pola Universidade do Minho. É profesora asociada no Departamento de Ciencias da Comunicación do Instituto de Ciencias Sociais da Universidade do Minho e investigadora do Centro de Estudos de Comunicación e Sociedade (CECS) da mesma Universidade. É actualmente directora do Departamento de Ciencias da Comunicación e foi directora do Mestrado "Comunicación, Cidadanía e Educación" no período 2010-2015.

No dominio da actividade de investigación, ten como principais áreas de interese a relación dos nenos e dos mozos cos medios de comunicación; a programación televisiva para o público infantil e xuvenil; as representacións dos nenos nos medios de comunicación; participación e cidadanía; e a educación para os medios de comunicación/alfabetización mediática. É en torno a estas temáticas que ten publicado libros e artigos en revistas nacionais e internacionais e participado en eventos científicos en Portugal e no estranxeiro.

É unha das autoras do "Referencial Em Educação para os Media para a Educação Pré-escolar, o Ensino Básico e o Ensino Secundário", un documento solicitado polo Ministerio da Educación de Portugal. Ten dinamizado varias accións de formación destinadas a profesorado e a profesores/as bibliotecarios/as sobre a como aplicar a Educación para os Medios na Escola e na Biblioteca Escolar.

Coordina, a nivel nacional, diferentes proxectos internacionais vinculados á súa liña de investigación.

As bibliotecas escolares, polo traballo que desenvolven e pola relación que establecen coa comunidade educativa, son espazos privilexiados para a promoción da alfabetización en medios, contribuíndo deste xeito na formación de cidadáns e cidadás máis informadas e máis esixentes na súa relación cos medios de comunicación, quer no papel de consumidores quer no papel de produtores de contidos.

MESAS SIMULTÁNEAS DE EXPERIENCIAS E RECURSOS

➤ **Integrando competencias ALFIN/AMI desde a biblioteca escolar (Sala Santiago)**

• Rosa Piquín Cancio

Integrar as competencias ALFIN/AMI no sistema educativo implica cambios que afectan, polo menos, á cultura institucional, ao currículo, ás súas condicións de desenvolvemento, ás metodoloxías, ás estruturas de funcionamento e ás competencias profesionais. Dar forma a modificacións nestes ámbitos supón non só optimizar fórmulas que poidan estar a funcionar, senón aceptar que o cambio supón unha revisión a fondo de prácticas asentadas, así como salvar barreiras ou resistencias que impiden afrontalo. A mellor ferramenta que dispón a escola para asumir ese cambio é a Biblioteca Escolar.

➤ **Destripando "Coca-Cola". Un proxecto de alfabetización mediática. (Sala Obradoiro – 400 p).**

• Ángel Encinas Carazo


Catedrático de Xeografía e Historia xubilado. Organizador da Liña de Excelencia Tic en no IES García Bernalt de Salamanca. Autor do manual "Comunicación Audiovisual". Editorial Akal.

Autor do Curso de "Lectura en Pantallas" dirixido a profesionais das bibliotecas públicas de Euskadi.

(<https://sites.google.com/site/lecturaenpantallas/home>)

Máis datos: páxina persoal no seu e.portafolio profesional: <http://enlawebdospuntozero>

Destripando Coca-Cola é un proxecto de alfabetización mediática que se desenvolveu con e por alumnos de ESO durante os cursos 2015-16 e 2016-17.



➤ **Biblioteca, espazo de lecturas**

(Sala 8 -70 persoas)

- **María José González Domínguez.** CEIP de Porto Cabeiro (Redondela, Pontevedra)
- **Abrirlle camiños á lectura. A imaxinación fronte á indiferenza.** Alexandra Cabana Outeiro. IES Lois Peña Novo (Vilalba, Lugo)

➤ **Biblioteca, base de exploracións**

(Sala 10 - 70 persoas)

- **Dinamización da Biblioteca do CEIP A Ponte.** Patricia González Cid. CEIP A Ponte (Ourense)
- **A biblioteca, unha oportunidade para o cambio nos centros educativos.** Eugenia García Canle. IES Universidade Laboral (Culleredo, A Coruña)

➤ **Biblioteca, territorio das Artes**

(Sala 14 - 140 persoas)

- **25 anos de Pepe de Xan Baña. O documental.** Alicia Nimo Liboreiro. CEIP Pepe de Xan Baña (Santa Comba, A Coruña)
- **Arte en Galicia. M^a Cruz Rey Calvo.** CEIP de Vilaxoán. (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)

➤ **Biblioteca, base de exploracións**

(Sala 25 - 140 persoas)

- **Sinerxias dinamizadoras en Bibliomalveiras.** Manuela Iglesias Sanmarco. IES Miguel Ángel González Estévez (Carril-Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)
- **Radiotelevisión Leo León. O inicio dun gra proxecto.** Alba Amoedo Amoedo. CEIP Feliciano Barrera (Ponteareas, Pontevedra)

17/03/2017- Sesión da tarde

FALAMOS DE...

➤ **Bibliotecas escolares inclusivas: bibliotecas para todos** (Sala Santiago)

• **Susana Peix Cruz**

Xemóloga, escritora, bibliotecaria, asesora especializada en literatura infantil e xuvenil. Desde o ano 2000 traballa como bibliotecaria responsable da sección infantil da Biblioteca Pública Armand Cardona i Torrandell de Vilanova i la Geltrú (Barcelona). Compaxina o seu traballo coa escritura e algunha incursión no mundo da ilustración de libros para nenos.

Membro do equipo Ginjoler e Carambuco de contos en lingua de signos. Conducidora dun programa de radio sobre LIX. Asesora dunha produtora de cinema e televisión. Forma parte do equipo da web Biblogtecarios onde ten escrito varios artigos sobre bibliotecas inclusivas.

O seu blog persoal *Va de llibres* : <https://susanapeix.com/>

Pautas para conseguir que as bibliotecas escolares sexan espazos accesibles e inclusivos: arquitectura, servizos, actividades e fondos documentais, con propostas de adaptacións existentes no mercado editorial e recursos que se poden utilizar para ser máis inclusivos.

➤ **A poesía non se ensina, filtrase.** (Sala 14 -140 persoas)

• **Antonio García Teijeiro**

Mestre xubilado de Ensino Primario e Primeiro Ciclo da ESO nun Colexio de Vigo. Colaborador en páxinas literarias e pedagóxicas de xornais e revistas máis prestixiosas de Galicia así como en diversos proxectos literarios con carácter reivindicativo. Crítico e especialista en literatura infantil e xuvenil, imparte cursos de animación á lectura, creación literaria, obradoiros de poesía, mestrados e conferencias, e ten participado en xornadas didácticas e literarias promovidas por distintas institucións. Durante oito anos dirixiu unha prestixiosa colección literaria para a mocidade, é autor de libros de texto e foi membro do xurado en importantes Premios literarios para rapaces/as. Varios dos seus libros foron incluídos nas Listas de Honra da CCEI e da revista CLIJ. Gañou o Premio Merlín con *Na fogueira dos versos*, libro co que entrou na Lista de Honra do IBBY (1998) e foi finalista do premio Nacional (1997). O libro compartido con Antonio Reigosa, *Lendo lendas, digo versos* recibiu o premio á mellor iniciativa bibliográfica na I Gala do Libro Galego. Así mesmo, os seus poemas figuran en múltiples antoloxías tanto en galego coma en castelán ou catalán en España e Latinoamérica. Algúns deles foron musicados por distintos grupos. Como tradutor ao galego leva realizado diversos traballos dentro do eido literario infantil e xuvenil. Dirixiu o programa radiofónico de música e poesía *Os sons do silencio*.

Dirixe o blog-revista *Versos e aloumiños* : <http://garciateijeiro.blogspot.com.es/>

Esta sesión vai dar pistas para que a poesía tome corpo a partir dunha palabra. Como, sen querer, vai medrando esta palabra e forma estrofas sinxelas. Nela abordaremos a maneira coa que a poesía vai filtrándose nos nosos alumnos e alumnas e falaremos dalgunhas propostas lúdicas para que os rapaces e rapazas gocen arredor dos poemas: con cancións, con música, a partir de determinados versos, con xogos etc.



➤ **Proxecto Escornabots na biblioteca escolar** (Sala Obradoiro - 400 persoas)

- **Diego A. López Rodríguez.** CEIP Canosa-Rus(Coristanco, A Coruña)
- **María José Pousa Rodríguez.** EEI Barrionovo (Arteixo, A Coruña)

➤ **Voluntariado na biblioteca escolar** (Sala 8 -70 persoas)

- **Voluntariado na Biblioteca Escolar, materia de libre configuración para Bacharelato. Cristina Ogando Díaz.** IES Torrente Ballester (Pontevedra)
- **Rebeca León Graña.** CEIP Nicolás del Río (Cedeira, A Coruña)
- **Biblioteca escolar, espazo de encontros. María Xesús Sarmiento Macías.** IES San Mamede (Maceda, Ourense)

➤ **Radio na biblioteca escolar** (Sala 10 -70 persoas)

- **Renée Huerta Latrielle.** IES Lamas do Castelo (Carnota, A Coruña)
- **Libros e lecturas desde a radio. Rita Farrapeira Vaqueiro.** CEIP Pazos de Reis (Tui, Pontevedra)

➤ **Implicación das familias nas actividades da biblioteca** (Sala 25 -140 persoas)

- **Belén Escariz. Ferrín.** CEIP Quintela (Moaña, Pontevedra)
- **Raquel Arias Arias.** IES Gregorio Fernández (Sarria, Lugo)

Conferencia final (Sala Santiago)

➤ **Os libros como ferramenta no desenvolvemento da cidadanía crítica**

Marilar Aleixandre

Marilar Aleixandre é o nome literario de María Pilar Jiménez Aleixandre

Catedrática de Didáctica das Ciencias Experimentais na Universidade de Santiago de Compostela, é autora de numerosos artigos sobre a argumentación, o uso de probas e o pensamento crítico, tanto en inglés como en galego, castelán e portugués. Pioneira no uso do galego como lingua vehicular no ensino das ciencias, é coautora dos primeiros materiais de ciencias en galego e doutros moitos materiais, itinerarios, artigos e ensaios sobre o ensino das ciencias.

En canto á literatura, é poeta, narradora, tradutora. Acadou premios polos seus poemarios como o Esquíu por *Catálogo de velenos* (1998), e o Caixanova-PEN por *Mudanzas*, unha reescrita das *Metamorfoses* desde a voz das mulleres (2008); tamén publicou *Desmentindo a primavera* (Xerais, 2002); *Abecedario de árbores*, (AELG, 2006), e *Ovella descarreirada* (Xerais, 2014), sendo o último *Desescribindo* (Apiario, 2016). En narrativa é autora entre outros de *Lobos nas Illas* (1996), *A Compañía clandestina de contrapublicidade* (premio Álvaro Cunqueiro, 1997), *Teoría do caos* (Premios Xerais, 2001 e San Clemente, 2002) ou *O coitelo en novembro* (2010). En narrativa infantil e xuvenil acadou premios como o Merlín e da Crítica, 1995 por *A expedición do Pacífico*; o Lazarillo, 1998 por *A banda sen futuro*, ou o Caixa Galicia 2008 e White Ravens por *A cabeza de Medusa*. Recibiu tamén premios ao conxunto da súa obra, como o recoñecemento da Asociación de Tradutores en 2009; o E de 'Escritora na súa terra' da AELG en 2010, e foi a autora homenaxeada do Salón do libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra en 2013.

É membro da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega. En xaneiro de 2017 ingresou como académica de número na Real Academia Galega co discurso *Voces termando da paisaxe galega*, dispoñible na web da RAG.

O desenvolvemento de cidadás e cidadáns críticos implica a capacidade de desenvolver opinións propias e, na nosa proposta sobre o que significa pensamento crítico, de ter a disposición a actuar para poñer esas ideas en práctica. Neste desenvolvemento os libros, a lectura, desempeñan un papel crucial, sobre todo na infancia e na adolescencia, ao formar parte da educación, tanto de coñecementos como emoción

